

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2021

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 14:03 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistenciais:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
Ángel López Fidalgo (PP).

Non asiste:

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

María Jesús García Souto (PP).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 28 DE XULLO DE 2021.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo

Ao non se efectuar ningunha observación, acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte: A Corporación, aproba por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes na sesión o borrador da sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de xullo de 2021.

SEGUNDO.- RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO DE LEGALIDADE INTERVENCIÓN.

Incorporáse neste intre o concelleiro Jose Antonio Veiga Sánchez.

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 21.09.2021 que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto : Recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2021

Exp: 2021/T002/00013

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente os créditos, por un importe total de **24.275,22 euros**, polas causas seguintes:

Facturas por servizos, obras ou subministros de exercicios anteriores e que tiñeron entrada no rexistro contable no 2021 e para as cales non existía crédito axeitado e suficiente no momento de comprometer o gasto (24.275,22 €). Son as seguintes:

Data entrada	Nº de Documento	Data Doc.	Importe	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Partida
07/01/2021	Emit 011	06/01/2021	8.251,14	76339258G	INSTALACIONES ELÉCTRICAS CERNADAS	Montaxe, mantemento e recollida do alumeado de nadal do concello de Sobrado (Nadal 2020)	165.20300
20/01/2021	2021-9	20/01/2021	605,00	B70408869	ÁRTABRA COMUNICACIÓN SL	Servizo de comunicación, analítica, xeración de contados e xestión de redes sociais do concello de Sobrado en decembro de 2020	912.22602
11/02/2021	B33	30/11/2020	32,00	45848453T	CARLOTA ÁLVAREZ SESAR	Servizo de podoloxía novembro 2020	231.22799

11/02/20 21	B34	30/12/20 20	96,00	4584845 3T	CARLOTA ÁLVAREZ SESAR	Servizo de podoloxía decembro 2020	231.227 99
11/02/20 21	Emit-13	11/02/20 21	789,60	G274431 42	ASOCIACIÓN SOCIOEDUCATIVA ANTONIO GANDROY	Celebración dos espazos das familias durante o primeiro e segundo trimestre do curso 2019- 2020	231.480 00
22/03/20 21	09-2020	24/12/20 20	7.260,00	4482236 7J	JOSÉ ANTONIO LÓPEZ LÓPEZ	Limpieza y mantenimie nto de pistas parcelaria Grixalba y pistas de Roade	136.227 99
16/04/20 21	Emit-3	16/04/20 21	951,36	B158418 77	SUGANA BRICK SL	Fra. J262. Material para mantenimie nto y reparacione s municipales	161.221 99 459.221 04 459.221 99
27/04/20 21	20 0565	27/04/20 21	1.478,86	B704531 54	MAX CONTROL NOROESTE	20/565-1 Analíticas de aguas de	161.227 99

						consumo en 2020	
27/04/20 21	20 0497	27/04/20 21	987,84	B704531 54	MAX CONTROL NOROESTE	20/497-1 Analíticas de aguas de consumo en 2020	161.227 99
11/05/20 21	FER355	31/05/20 19	41,14	B158626 67	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA SL	Sub. Animales categoría 2: recollida de restos en Nogueira (San Xurxo)/mer mas sub. Animales categoría 2 (retirada de animales muertos)	1622.22 799
11/05/20 21	FER500	31/07/20 19	41,14	B158626 67	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA SL	Bovino. Recogida en Pousada, Sobrado. Mermas Bovino. Complement o mínimo 100Kg. (Retirada de animales	1622.22 799

						muertos)	
11/05/2021	FER836	30/11/2019	41,14	B15862667	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA SL	Sub. Animales categoría 2: recogida en Pena Moura-Codesoso-Sobrado/Merma sub animales categoría 2 (retirada de animales muertos)	1622.22799
20/05/2021		26/02/2019	1.200,00	G70202825	GDR ULLA-TAMBRE-MANDEO	Cuotas asociado años 2016, 2017 y 2018	943.46600
20/05/2021		23/11/2017	500,00	G70180807	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO LOCAL MARIÑAS-BETANZOS	Cuota asociado 2018	943.46600
20/05/2021		04/03/2019	1.000,00	G70180807	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO LOCAL MARIÑAS-BETANZOS	Cuota asociado 2019	943.46600

20/05/20 21		18/12/20 19	1.000,00	G701808 07	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENT O LOCAL MARIÑAS- BETANZOS	Cuota asociado 2020	943.466 00
Total			24.275, 22				

Visto o informe de intervención de data 21 de setembro de 2021 no que formula reparo suspensivo a aprobación do gasto e a ordenación do pago das facturas que forman a relación detallada na providencia de alcaldía de data 21 de setembro de 2021, por tratarse de gastos "indebidamente adquiridos" en exercicios anteriores (sen crédito ou con tramitación irregular), ou ben gastos do exercicio actual adquiridos de igual xeito, débese acudir á figura do recoñecemento extraxudicial de crédito, conforme ao sinalado no artigo 60.2 do RD 500/1990, sendo competente o Pleno para o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Conforme ó artigo 216 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este reparo suspenderá a tramitación do expediente ata que non sexa resolto polo órgano competente, neste caso, o Pleno.

Non obstante, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse (nulidade dos actos), en aplicación da doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto contidas entre outras na Sentencia do Tribunal Supremo de 11 de maio de 2004, os provedores teñen dereito ao cobro das prestacións realizadas.

En virtude das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención e polo tanto aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2021.

SEGUNDO.- Aplicar con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, os correspondentes créditos polo importe total de 24.275,22, € con cargo as aplicacións orzamentarias indicadas."

Iniciase o turno de intervencións polo concelleiro Ángel López Fidalgo e afirma que se está sempre co mesmo tema dos reparos e que espera que iso cambie senón serán un pobo sen lei.

Resposta o sr. alcalde que se intentará.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6):): Luis Lisardo Santos Ares, Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) PSdeG-PSOE) .

Abstencións:(0).

Votos en contra (1): Ángel López Fidalgo (PP).

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

TERCEIRO. .APROBACIÓN, SE PROCEDE , RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2021.

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 21.09.2021 que transcrita literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto : Recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2021

Exp: 2021/T002/00013

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente os créditos, por un importe total de 24.275,22 euros, polas causas seguintes:

Facturas por servizos, obras ou subministros de exercicios anteriores e que tiñeron entrada no rexistro contable no 2021 e para as cales non existía crédito axeitado e suficiente no momento de comprometer o gasto (24.275,22 €). Son as seguintes:

Data entrada	Nº de Docume nto	Data Doc.	Importe	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Partida
-------------------------	---------------------------------	----------------------	----------------	-----------------	-------------	------------------------------	----------------

07/01/20 21	Emit 011	06/01/20 21	8.251,14	7633925 8G	INSTALACIONES ELÉCTRICAS CERNADAS	Montaxe, mantemento e recollida do alumeado de nadal do concello de Sobrado (Nadal 2020)	165.203 00
20/01/20 21	2021-9	20/01/20 21	605,00	B704088 69	ÁRTABRA COMUNICACIÓN SL	Servizo de comunicació n, analítica, xeración de contados e xestión de redes sociais do concello de Sobrado en decembro de 2020	912.226 02
11/02/20 21	B33	30/11/20 20	32,00	4584845 3T	CARLOTA ÁLVAREZ SESAR	Servizo de podoloxía novembro 2020	231.227 99
11/02/20 21	B34	30/12/20 20	96,00	4584845 3T	CARLOTA ÁLVAREZ SESAR	Servizo de podoloxía decembro 2020	231.227 99

11/02/20 21	Emit-13	11/02/20 21	789,60	G274431 42	ASOCIACIÓN SOCIOEDUCATIVA ANTONIO GANDOY	Celebración dos espazos das familias durante o primeiro e segundo trimestre do curso 2019- 2020	231.480 00
22/03/20 21	09-2020	24/12/20 20	7.260,00	4482236 7J	JOSÉ ANTONIO LÓPEZ LÓPEZ	Limpieza y mantenimie nto de pistas parcelaria Grixalba y pistas de Roade	136.227 99
16/04/20 21	Emit-3	16/04/20 21	951,36	B158418 77	SUGANA BRICK SL	Fra. J262. Material para mantenimie nto y reparacione s municipales	161.221 99 459.221 04 459.221 99
27/04/20 21	20 0565	27/04/20 21	1.478,86	B704531 54	MAX CONTROL NOROESTE	20/565-1 Analíticas de aguas de consumo en 2020	161.227 99
27/04/20 21	20 0497	27/04/20 21	987,84	B704531 54	MAX CONTROL NOROESTE	20/497-1 Analíticas de	161.227

						aguas de consumo en 2020	99
11/05/2021	FER355	31/05/2019	41,14	B15862667	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA SL	Sub. Animales categoría 2: recollida de restos en Nogeaira (San Xurxo)/mermas sub. Animales categoría 2 (retirada de animales muertos)	1622.22799
11/05/2021	FER500	31/07/2019	41,14	B15862667	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA SL	Bovino. Recogida en Pousada, Sobrado. Mermas Bovino. Complemento mínimo 100Kg. (Retirada de animales muertos)	1622.22799
11/05/2021	FER836	30/11/2019	41,14	B15862667	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE	Sub. Animales categoría 2:	1622.22799

					GALICIA SL	recogida en Pena Moura- Codesoso- Sobrado/Mer ma sub animales categoría 2 (retirada de animales muertos)	
20/05/20 21		26/02/20 19	1.200,00	G702028 25	GDR ULLA-TAMBRE- MANDEO	Cuotas asociado años 2016, 2017 y 2018	943.466 00
20/05/20 21		23/11/20 17	500,00	G701808 07	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENT O LOCAL MARIÑAS- BETANZOS	Cuota asociado 2018	943.466 00
20/05/20 21		04/03/20 19	1.000,00	G701808 07	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENT O LOCAL MARIÑAS- BETANZOS	Cuota asociado 2019	943.466 00
20/05/20 21		18/12/20 19	1.000,00	G701808 07	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENT O LOCAL MARIÑAS- BETANZOS	Cuota asociado 2020	943.466 00
Total			24.275, 22				

Visto o informe de intervención de data 21 de setembro de 2021 no que formula reparo suspensivo a aprobación do gasto e a ordenación do pago das facturas que forman a relación detallada na providencia de alcaldía de data 21 de setembro de 2021, por tratarse de gastos “indebidamente adquiridos” en exercicios anteriores (sen crédito ou con tramitación irregular), ou ben gastos do exercicio actual adquiridos de igual xeito, débese acudir á figura do recoñecemento extraxudicial de crédito, conforme ao sinalado no artigo 60.2 do RD 500/1990, sendo competente o Pleno para o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Conforme ó artigo 216 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este reparo suspenderá a tramitación do expediente ata que non sexa resolto polo órgano competente, neste caso, o Pleno.

Non obstante, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse (nulidade dos actos), en aplicación da doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto contidas entre outras na Sentencia do Tribunal Supremo de 11 de maio de 2004, os provedores teñen dereito ao cobro das prestacións realizadas.

En virtude das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención e polo tanto aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2021.

SEGUNDO.- Aplicar con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, os correspondentes créditos polo importe total de 24.275,22, € con cargo as aplicacións orzamentarias indicadas.”

Iniciase o turno de intervencións polo concelleiro Ángel López Fidalgo e afirma que estamos ante o mesmo caso co anterior punto.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6):): Luis Lisardo Santos Ares, Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) PSdeG-PSOE) .

Abstencións:(0).

Votos en contra (1): Ángel López Fidalgo (PP).

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

CUARTO.MOCIÓNS DE URXENCIA

Non houbo.

QUINTO .DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Dase conta dos decretos de alcaldía dende o 279//2021 a 375/2021

SEXTO. DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 2º TRIMESTRE DO 2021.

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 2º trimestre do 2021 , que foi de 49,92 días.

SÉTIMO .ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do grupo municipal M^a Jesús García Souto presentou por rexistro RE 202199900000333 o 27.09.2021 unha relación de preguntas para ser contestadas neste pleno:

“ PREGUNTAS DO GRUPO POPULAR DE SOBRADO PARA O PLENO ORDINARIO QUE SE CELEBRARÁ O PRÓXIMO MARTES 28.09.2021

Relacionamos a continuación as preguntas que desexamos plantexar ó Sr. Alcalde no pleno ordinario do vindeiro martes 28.09.21. A partir da pregunta número 9 xa quedaron pendentes no pleno anterior e a partir da pregunta 23 son preguntas que levamos reiterando en todos os plenos dende setembro de 2019 e que continúan sen resposta dende ese momento.

1. Se se destina a meirande parte do presuposto a camiños, por qué aínda así non se segue o procedemento correcto para a contratación das obras e segue habendo reparos suspensivos da Sra. Secretaria por contratacións irregulares?

Camiños varios: 33.846, 8 €

Camiños varios: 42.051,35 €

Excavación e limpeza de cunetas: 26.226,63 €

Barrido de firme: 6.651,61 €

Limpeza de pistas: 7.260 €

2. Cal foi o custe total da barandilla colocada nos últimos meses na parte superior da praza de Porta?

3. En qué consistirán exactamente as modificacións feitas no proxecto inicial da obra de renovación de beirarrúas en As Cruces?

4. A qué se debe a reclamación patrimonial feita fronte ó Concello que aparece recollida no expediente 2021/P002/00001?

5. Tendo en conta que están pagando numerosos gastos non previstos no presuposto de 2021, cómo é que a previsión para 2022 e a mesma? Non parece moi real.

6. En qué van consistir as obras de acondicionamento da casa consistorial para as que se pide unha subvención á Xunta e que ascenden a un total de 24.981,91 €?

7. En base a qué se calcula o custe do prezo público de 15 € e 18 € para as actividades deportivas? Qué criterio se aplica? Canto lle custan esas actividades ó Concello?
8. Por qué segue habendo reparos recorrentes para o pago de gastos habituais como o alumeadado de Nadal?
9. Por qué paga o Concello gastos de eventos privados organizados por entidades que non teñen vinculación algunha con Sobrado e cos que non ten nada que ver?
10. Solicitouse unha axuda do Leader para rehabilitar a antiga escola de cara a convertila en centro de día. Non iba costear a Diputación esa obra. Por qué non o fixo?
11. A qué corresponden os 680 € de gastos protocolarios da presentación do video promocional de Sobrado?
12. No último pleno os concelleiros do Psoe votaron en contra da moción presentada polo grupo Popular solicitando que se mellorase a cobertura da rede móvil de Sobrado querendo deixar a pregunta enriba da mesa supostamente para averiguar cales eran esas zonas.

Xa fixeron ese traballo? Xa sabe o Concello cales son as zonas sen cobertura? Qué actuacións pretende levar a cabo para solventalo?

13. Qué xestións fixo o Concello para solventar o problema de cobertura que se sofre na zona das Cruces dende fai anos e que foi comunicado no último pleno polo grupo Popular?

14. En qué consisten exactamente os traballos / proxectos que se levan a cabo dentro do Programa de Educación Familiar que lle custa ó Concello 17.000 € ó ano?

15. Por qué tuvo que pagar o Concello unha sanción de 1000 € da Consellería de Sanidade? Non se podía haber evitado?

16. Por qué se devolveron 300 € a Facenda?

17. O Concello debería facer todo o posible por manter a patrulla contra incendios en Sobrado. ¿Qué xestións se están facendo para conseguilo?

En qué consisten exactamente as obras que se están acometendo? Canto custan e quen as vai pagar?

Vaise ceder o local?

18. Por qué considera o Concello que resulta perxudicial para Sobrado o parque eólico “Alto dos Borrillos”?

Das declaración que fixo o Alcalde en prensa non se saca ningunha conclusión concreta máis que vai facer alegacións.

19. Qué pasou coa axuda que estaba tramitada e solicitada, incluso cos proxectos acabados e entregados en 2017 para a rehabilitación total para centro social e vivendas sociais da antiga escola de Noqueira?

20. Adquírese un camión para recollida de residuos. É necesario? A qué se vai adicar exactamente? Quén o vai conducir?

21. A qué se deben os 3500 € de gastos que se gastaron en transporte de discapacitados nos últimos meses?

22. Qué inclúen os 12.500 € de gastos de Organos de goberno e Publicidade?

Preguntas sobre temas medioambientais.

A maior parte delas continúan sen resposta dende setembro de 2019.

23. Xa ten o Concello resposta da Xunta á petición de información que fixo con respecto ó vertedoiro de residuos das Pías?

24. O Alcalde dixo en sesión plenaria con respecto ó vertedoiro que se eles (a Xunta) non actuaban o faría él... A qué se refería? Transcorridos dous anos, en qué consistiu exactamente a súa actuación?

25. Que cantidade de materia orgánica traen os rexeites que se están traendo ás Pías?

26. Que residuos pode xestionar Gestán na canteira das Pías? Residuos de amianto, e lixiviados? ... Qué cantidades?

27. A qué distancia se atopan agora mesmo os residuos do Camiño de Santiago que pasa polo noso Concello e do que depende practicamente a totalidade da actividade económica do comercio e a hostalaría do Concello?

28. Sabe o Alcalde os perxuízos que o vertedoiro está supoñendo para os veciños de Altopaso, Abeledo, Mandeo... en canto a impacto visual, olores... ?

29. Sabe o Alcalde por qué se producen incendios, ou algo similar? Se hai vapor ó regar é porque a temperatura é alta... Sabe o Alcalde cal pode ser a causa de que a temperatura sexa tan alta?

30. A acumulación de residuos estase facendo correctamente? A altura sobre rasante da montaña de residuos existente estase facendo conforme á licenza?

31. Qué xustificación pode ter que se permita continuar esta situación, traendo os residuos que non podían ir a Sogama onde lles cobran case o dobre pola carga de residuo orgánico que levaban, ó lado do Camiño de Santiago, en terreo da Reserva da Biosfera en un Concello que en nada se beneficia desta situación?

32. Fixo o Concello ou está facendo algunha actuación encamiñada a averiguar se os residuos que se reciben son os que están autorizados ou se conteñen máis materia orgánica da que deben? Cal e cando se fixo?

33. En varios plenos nos que foi preguntado polo mesmo o Sr. Alcalde dixo, según os casos, non saber en qué situación se atopaba o expediente de solicitude de licenza para a ampliación do vertedoiro e que a licenza non fora concedida.

Concedeu o Concello de Sobrado nos últimos tres anos licenza para ampliar o vertedoiro?

Comunicamos en varios plenos que as obras se están executando.

Como pode verse nas seguintes imaxes (a última de fai xa uns meses), as obras non só se están executando senón que xa están moi avanzadas.

34. Se non hai licenza concedida, non debería o Concello actuar?

35. Que capacidade terá ese novo vaso?

36. Canto tempo tardarán en enchelo a este ritmo?

37. Canto estiman que cobrará Gestán polos rexeites que pode meter nese novo vaso que está construíndo?

38. A ampliación deste vertedoiro vai ter algunha repercusión económica para o Concello de Sobrado?

39. Cantos postos de traballo se estima que se crearán coa ampliación?

40. Cantos postos de traballo novos se crearon para veciños de Sobrado dende que o Concello da Coruña trae os seus rexeites a Sobrado?

41. Non debería intervir o Concello en se o vertedoiro segue medrando e sobre todo cando o que se trae é o que non queren en ningún outro sitio polo contido de residuo orgánico que leva?

En canto ós pozos de lodos que investigou a Xunta en 2019 en varias parroquias de Sobrado.

O único que nos respostou o Sr. Alcalde a este respecto, xa en 201, foi que abriría unha investigación sobre o tema.

42. Xa finalizou a investigación?

En qué consistiu a investigación? Actuacións concretas levadas a cabo?

Qué conclusión se sacaron?

43. Sabe o Concello de quen son os pozos?

A prensa facía referencia a un concelleiro do psoc, José Antonio Veiga Sánchez, ten algo que ver neste tema?

44. Sabe o Concello cantos pozos existían antes da investigación da Xunta?

45. Sabe o Alcalde cantos pozos existen a día de hoxe?

46. Sabe o Alcalde que pasou cos pozos que desapareceron?

47. Sabe se os residuos que contiñan se xestionaron con xestor autorizado cando se taparon?

48. Sabe o Alcalde se descontaminaron os solos?

49. Sabe o Alcalde que continúan existindo pozos nesas condicións?

50. Están construídos nas condicións esixidas pola lei?

51. Cumpren as normas de seguridade esixidas pola lei?

52. Teñen risco de afección estes pozos ós ríos e acuíferos da zona?

53. Teñen concedida licenza municipal? “

O sr. alcalde fai entrega das preguntas contestadas por escrito ao concelleiro Ángel López Fidalgo:

“Respostas as preguntas do grupo popular de Sobrado para o pleno ordinario do 28/09/2021, solicitadas a través da sede electrónica o día 27/09/2021 con número de rexistro 202199900000333 por D^a. María Jesús García Souto

RESPOSTAS

1/ Porque unha vez iniciadas as obras realizásemse melloras de acondicionamento a maiores.

2/ 12.059,23€.

3/ Cambio de papeleiras e cambio de árbores.

4/ Por unha caída sufrida por unha traballadora de Correos nas escaleiras do Concello.

5/ Os presupostos do ano 2022 están aínda sen elaborar, levaranse a pleno a finais de ano ou principios de xaneiro e ahí poderase ver a previsión dos gastos do próximo ano.

6/ Cambio de tellado e cambio de cristaleira traseira do concello.

7/ A porcentaxe que se aplica e mais ou menos do cincuenta e pico por cento porque se teñen que traer monitores externos xa que a xente está a demandar outras actividades novas . O custo das actividades é de 11.532,92€. (Anexo documentación)

8/ O gasto empeza no exercicio anterior e a factura presentase no exercicio vixente.

9/ Son actividades que se realizan no Concello que serven para promocionar o Concello máis ala das nosas fronteiras e son actividades deportivas e culturais que enriquecen o día a día do Concello.

10/A deputación da Coruña vai facer a súa achega indistintamente da achega da Xunta de Galicia que sairá no mes de outubro.

11/ Gastos de presentación do vídeo as distintas autoridades dos concellos da contorna e o presidente da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e terras do Mandeo, etc

12/ Fixéronse varias xestións con D. Manuel Angel Alonso Pérez, director territorio Norte Telefónica de España. (Anexo documentación)

13/ Fixéronse as reclamacións oportunas con respecto ó problema de cobertura quedando en un principio solventadas pero foi moito antes de que o puxera en coñecemento o grupo do PP de Sobrado.

14/ Adxuntamos resposta cun documento anexo.

15/ Sanción da Consellería de Sanidade por turbidez das augas, fíxose unha alegación e a sanción reduceuse de 6.000€ a 1.000€.

16/ Especifique de que é iso posi non teño constancia de ningunha factura dese importe.

17/ As obras que se están facendo son dun custo entorno ós 20.000€, son obras de acondicionamento da base. Esas obras pagas a Consellería e a idea e ceder o local o antes posible.

18/ Debido a ubicación estropearía unha zona gandeira da parroquia de Grixalba, ademáis están situados moi preto dos núcleos urbáns co impacto visual que iso conleva. (Anexo documentación)

19/ Foi unha luminativa concedida ao Concello por parte da Deputación da Coruña durante o goberno socialista despois diso ao entrar o PP realizou o encargo de proxectos , non obstante, este tipo de subvención nominativa solen ser anuais e unha vez que volveu a entrar o PSOE no ano 2018 obtou por non levala a cabo xa que pasara o prazo de dita subvención.

20/ Non é un camión de recollida de residuos é un camión con cesta elevadora para mantemento eléctrico e será conducido polo conductor do Concello.

21/ Transportes realizados desde o departamento de Servicos Sociais para persoas con discapacidade.

22/ Publicacións institucionais do Concello en distintos medios.

23/ Sí. Adxuntamos informes nun documento anexo.

24/ Fixeronse varias xestións con distintas empresas para levar a cabo un control medioambiental desde o Concello.

25/ Saira de dito control.

26/ Que está dentro da valoración ambiental da Consellería de Medioambiente ó que pode acceder desde a plataforma da Xunta.

27/ Sobre 50 metros aproximadamente.

28/ Temos constancia sobre todo de mal olor en determinados momentos.

29/ Non.

30/ É un tema que debe de controlar a Consellería de Medio Ambiente.

31/ Consta con licenza de actividade desde o ano 2013 e quen debería facer esos controis sería a Xunta.

32/ Chegouse a un acordo coa empresa que fara ese control e pasarannos o seu informe en breve.

33/ Non.

34/ Os concellos deben estudar cada caso minuciosamente e levar a cabo as actuacións oportunas en cada momento.

35/ 937.747 metros cúbicos.

36/ Entre 8 e 10 anos.

37/ Non sei.

38/ Todas as actividades teñen repercusións económicas para os concellos.

39/ Sobre 15.

40/ Catro.

41/ Xa se está a facer.

42/ Sí. Fixose un seguimento dos pozos, están pendentes de informe.

43/ Sí. Finca Quinto.

44/ Non.

45/ Non.

46/ Non.

47/ Sí, con Agroan.

48 Non sei se estaban contaminadas.

49/ Pensamos que non.

50/ Necesitan informe da Consellería de Medio Ambiente e Consellería de Medio Rural.

51/ Dirano os informes.

52/ Dirano os informes.

53/ Non.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:57 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE